



## A cuadrilla 'Gundivós' gaña o Campionato de raposo de Sober

A localidade lucense de Sober celebrou a terceira edición do seu campionato de raposo o pasado 11 de febreiro. A afluencia de participantes estivo dentro do esperado, pois 16 cuadrillas de toda Galicia déronse cita no Tecor de Sober.

Tan só 6 raposos foron capturados polos 160 cazadores, xa que a elevada densidade de corzo dificultou a súa caza. Foi a cuadrilla local, 'Gundivós' a que con 3 raposos se proclamou gañadora da proba, seguida de 'Ponte de Neira' de O Corgo, 'Os Lexionarios' de Lugo e 'Tuiriz' con 1 raposo cada unha.

### Clasificación final

Pos.	Cuadrilla	Raposos
1º	Gundivós (Sober)	3
2º	Ponte de Neira (O Corgo)	1
3º	Os Lexionarios (Lugo)	1
4º	Tuiriz	1



A cuadrilla 'Gundivós', vencedora da proba



A cuadrilla 'Ponte de Neira', segundos clasificados

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)